



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

rf. A/S/C80-14

ANUNCIO

Asto.: Adxudicación do contrato dun préstamo de 992.831,29 € para a cancelación total do capital vivo a 29.11.2014 do préstamo núm. 807415461176 formalizado coa Entidade Banco Sabadell ó abeiro do RD 4/2012 polo que se regula o Plan de Pago a Proveedores

O alcalde, por delegación do Pleno da corporación municipal efectuada por acordo adoptado na sesión ordinaria de data 6.10.2014, resolveu mediante resolución núm. 70/2015 de 30.1.2015, entre outros, o seguinte:

1º.- Adxudicar á BANCO DE SABADELL, S.A., CIF A-08000143, con domicilio social na praza de Sant Roc, núm. 20, Sabadell, a contratación dun préstamo de 992.831,29 € para a cancelación total do capital vivo a 29.11.2014 do préstamo núm. 807415461176 formalizado coa Entidade Banco Sabadell ó abeiro do RD 4/2012 polo que se regula o Plan de Pago a Proveedores coas seguintes características que resultan da oferta presentada pola citada entidade no procedemento de contratación de referencia incluída no sobre B da mesma (RE núm. 7616/14 de 24.10.2014):

IMPORTE: 992.831,29 €.

PRAZO: Non se indica.

Aceptan expresamente o resto das cláusulas contidas nas bases de condicións polo que, dacordo coa base 2ª b) o prazo será ata 29.5.2022, que coincide coa última cota do préstamo que se pretende cancelar.

TIPO DE INTERÉS : Euribor 3 meses + 1%

COMISIÓN e GASTOS:exenta.

PERIODO DE LIQUIDACIÓN:.....Trimestral

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición (sobre B, RE núm. 7616/14 de 24.10.2014), as procedimentais sinaladas nas bases reguladoras da contratación e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nas citadas bases, e concretamente ao seguinte:

- Á formalización do contrato, nun prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación do presente acto administrativo, consonte dispón a base 11, " (...) en documento administrativo, conforme ó modelo aportado pola Entidade financeira adxudicataria, sempre que non sexa contrario ás prescricións deste prego, unha vez recibida, por parte do Concello, a autorización por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas tal e como prevee o citado art. 3.2 do RD-Lei 8/2014" e que deberá axustarse, en todo caso, ao modelo aportado pola entidade financeira mediante escrito de 3.11.2014 (RE núm. 7795/14 da mesma data coa inclusión expresa das consideracións contidas na autorización previa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de 22.1.2015 (RE núm. 551/15 de 28.1.2015) referenciada no apartado 4º dos antecedentes do presenta acto do que se adxuntará unha copia.

- Previamente á formalización do contrato haberá de acreditarse polo adxudicatario que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante presentación das certificacións as que se refire o artigo 15 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

2º.- Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos na licitación nos termos que resultan do expediente administrativo:



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Identidade do licitador	Resultado da admisión
BANCO PASTOR, S.A.U./CIF A86507092	ADMITIDA
BANCO DE SABADELL S.A./CIF A08000143	ADMITIDA
NCG BANCO, S.A./CIF A70302039	ADMITIDA
CAIXABANK, S.A./CIF A08663619	ADMITIDA
BBVA, S.A./CIF A 48265169	ADMITIDA

O que se publica en cumprimento do ordeado na resolución de referencia en base ás obrigas de publicidade contidas no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público de aplicación consonte o réxime xurídico da contratación que resulta da base 12 das bases reguladoras da contratación.

Bueu, 30 de xaneiro de 2015

O Alcalde

Félix Juncal Novas